

## SOLICITUDE DE FOGUEIRA DE SAN XOÁN EN TERREO PRIVADO

### DATOS DO SOLICITANTE

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
DNI/NIE/CIF		CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO	
TIPO DE VÍA	NOME DE VÍA		NÚM.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	CONCELLO	PROVINCIA		C.P.	

### DATOS DO REPRESENTANTE

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
DNI/NIE/CIF		CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO	
TIPO DE VÍA	NOME DE VÍA		NÚM.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	CONCELLO	PROVINCIA		C.P.	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:					

### SOLICITA

Autorización para a realización dunha fogueira de San Xoán na noite do 23 de xuño as \_\_\_\_\_ horas en \_\_\_\_\_  
(indicar lugar exacto da fogueira). Comprométese a cumprir estritamente todas e cada unha das normas de seguridade que se expoñen no reverso da solicitude.

Ponteareas, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Fdo.:

## NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA AS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN:

- A persoa solicitante será a responsable do cumprimento das presentes normas.
- O volume do combustible da fogueira non sobrepasará os 3 metros de diámetro ou 8 de perímetro, nin os 3 metros de altura.
- A separación entre as fogueiras, edificios, árbores e vehículos serán como mínimo de 12 metros.
- Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- Teranse en conta inclemencias meteorolóxicas como a aparición de vento á hora do prendido e mantemento da fogueira; tamén se deberá ter un punto de agua próximo para proceder ao seu apagamento ante calquera emerxencia.
- Ao finalizar a fogueira e antes de abandonar o lugar da mesma, as persoas responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e comprométense a retirar do lugar da celebración todos os restos que queden nun prazo máximo de 48 horas.

## DOCUMENTACIÓN:

- Fotocopia D.N.I. do solicitante.
- No seu caso, fotocopia D.N.I. do representante e documento que acredite a representación.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, informámoslle que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é o CONCELLO DE PONTEAREAS con sé en Xardíns da Xiralda s/n, 36860 Ponteareas (Pontevedra), onde poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso o de oposición mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello. Mediante a facilitación dos seus datos persoais autoriza expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación da súa solicitude no Concello. Así mesmo, informámoslle que os seus datos poderán ser comunicados ás administracións públicas competentes e a outros terceiros cando sexa estritamente necesario para a xestión da súa petición.